



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2022-2023

TRABALLO DE FIN DE GRAO

**Acoso escolar: análise dun caso en Sallent
dende a perspectiva da xustiza ocupacional**

Mar Torrado Fondo

Xuño 2023

DIRECTORAS:

Inés Viana Moldes

Terapeuta ocupacional. Profesora da Facultade de Ciencias da Saúde (UDC).

Silvia Veiga-Seijo

Terapeuta Ocupacional. Mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria pola Facultade de Ciencias da Saúde (UDC). Doutoranda en Ciencia Ocupacional no programa P4PLAY (Marie Skłodowska-Curie Actions) Queen Margaret University, Edinburgh & University College Cork.

Índice:

| | |
|---|----|
| Resumo..... | 6 |
| Contextualización e posicionamento do traballo | 9 |
| 1. Antecedentes e estado actual do tema:..... | 10 |
| 1.1. Contextualización do acoso escolar e ciberbullying | 10 |
| 1.2. Determinantes sociais da saúde e consecuencias do acoso escolar.. | 14 |
| 1.3. Acoso escolar dende os dereitos da infancia e a perspectiva da xustiza social e ocupacional..... | 16 |
| 1.4. Terapia Ocupacional e acoso escolar | 19 |
| 2. Obxectivos:..... | 21 |
| 3. Metodoloxía: | 22 |
| 3.1. Tipo de estudio..... | 22 |
| 3.2. Posición da investigadora | 23 |
| 3.3. Estratexia de busca..... | 23 |
| 3.3.1. Bases de datos | 23 |
| 3.3.2. Termos de busca | 24 |
| 3.3.3. Criterios de selección | 24 |
| 3.3.4. Busca bibliográfica..... | 25 |
| 3.4. Proceso de selección dos artigos..... | 25 |
| 3.5. Análise de resultados | 26 |
| 3.6. Criterios de rigor..... | 27 |
| 4. Resultados..... | 28 |
| 4.1. Análise das variables bibliométricas..... | 28 |
| 4.1.1. Periódico..... | 28 |
| 4.1.2. Autor/a | 29 |
| 4.1.3. Idioma..... | 29 |

| | |
|--|----|
| 4.1.4. Sección do periódico | 30 |
| 4.1.5. Data de publicación | 30 |
| 4.1.6. Título da noticia | 31 |
| 4.2. Análise das principais categorías temáticas..... | 32 |
| 4.2.1. “Desd del primer moment que van arribar al poble han patit bullying” (dende o primeiro momento que chegaron ao pobo sufriron bullying) | 33 |
| 4.2.2. “A veces no hace falta una bala para hacer daño” | 35 |
| 4.2.3. “Te has ganado el cielo pequeña, justicia.” | 38 |
| 5. Discusión | 39 |
| 5.1. Contextualización das variables bibliométricas das noticias: | 40 |
| 5.2. Acoso escolar: fenómeno invisible? | 44 |
| 5.3. Os detonantes do caso de Sallent e a súa repercusión nas ocupacións 46 | |
| 5.4. O caso de Sallent dende a perspectiva da xustiza ocupacional..... | 49 |
| 5.5. Fortalezas e limitacións do estudo | 53 |
| 6. Conclusión..... | 53 |
| 7. Agradecementos..... | 55 |
| 8. Bibliografía Referenciada..... | 56 |
| 9. Apéndices..... | 64 |
| Apéndice I: Abreviaturas | 64 |
| Apéndice II: Táboa de noticias seleccionadas en función do título | 65 |
| Apéndice III: Táboa de noticias definitivas seleccionadas | 71 |

Índice de táboas e figuras:

| | |
|--|----|
| 1. Táboa 1: criterios de selección de noticias..... | 25 |
| 2. Figura 1: proceso de filtrado de artigos..... | 26 |
| 3. Figura 2: gráfico do nº de noticias por periódico..... | 29 |
| 4. Figura 3: gráfico do nº de noticias escritas por 1 ou más persoas..... | 29 |
| 5. Figura 4: gráfico do nº de noticias por idioma..... | 30 |
| 6. Figura 5: gráfico do nº de noticias por sección de periódico..... | 30 |
| 7. Figura 6: gráfico da evolución da tendencia das noticias por periódico.. | 31 |
| 8. Figura 7: gráfico de palabras clave no título das noticias..... | 32 |
| 9. Figura 8: gráfico do nº de títulos en masculino para referirse a Iván/Alana..... | 32 |

Resumo

Introdución: O acoso escolar segue estando presente na nosa sociedade e impacta directamente na participación ocupacional de nenos/as e adolescentes de todo o mundo. Durante a realización deste traballo de fin de grado problematízase o suceso de bullying de Iván/Alana e Leila acontecido na localidade de Sallent (Cataluña), quenes foron vítimas deste fenómeno social que acabou coa vida de Iván/Alana.

Obxectivos: explorar as posiblesinxustizas ocupacionais que xorden ante o acoso escolar, focalizándose no análise de noticias de diferentes medios de comunicación do caso de Iván/Alana e Leila, adolescentes de Sallent que sufrieron acoso escolar.

Metodoloxía: O presente estudo enmárcase nunha metodoloxía cualitativa dende a perspectiva crítica da xustiza ocupacional. O tipo de estudo utilizado foi a análise documental a través de noticias de periódicos. Empregouse o Método de Comparación Constante para analizar a información.

Resultados: Tras a análise, emerxeron 3 temáticas: “Desd del primer moment que van arribar al poble han patit bullying” (dende o primeiro momento que chegaron ao pobo sufrieron bullying), “A veces no hace falta una bala para hacer daño” e “Te has ganado el cielo pequeña, justicia”.

Conclusíons: O acoso escolar repercutre negativamente nas ocupacións cotiás. Os determinantes sociais da saúde xogan un papel fundamental nos casos de acoso escolar contribuíndo á ocorrencia e á perpetuación deste problema, os achados deste estudo demostran que é necesario o papel da xustiza ocupacional para abordar o acoso escolar dende a Terapia Ocupacional.

Palabras Clave: Terapia ocupacional, acoso escolar, xustiza ocupacional, Sallent.

Tipo de traballo: Traballo de investigación.

Resumen:

Introducción: El acoso escolar sigue estando presente en nuestra sociedad e impacta directamente en la participación ocupacional de niños/as y adolescentes de todo el mundo. Durante la realización de este trabajo de fin de grado se problematiza el suceso del bullying de Iván/Alana y Leila acontecido en la localidad de Sallent (Cataluña), quienes fueron víctimas de este fenómeno social que acabó con la vida de Iván/Alana.

Objetivos: Explorar las posibles injusticias ocupacionales que surgen ante el acoso escolar, focalizándose en el análisis de noticias de diferentes medios de comunicación del caso de Iván/Alana y Leila, adolescentes de Sallent que sufrieron acoso escolar.

Metodología: El presente estudio se enmarca en una metodología cualitativa desde la perspectiva crítica de la justicia ocupacional. El tipo de estudio utilizado ha sido el análisis documental a través de noticias de periódicos. Se empleó el Método de Comparación Constante para analizar la información.

Resultados: Tras el análisis, emergieron 3 temáticas: “Desd del primer moment que van arribar al poble han patit bullying” (desde el primer momento que han llegado al pueblo han sufrido bullying), “A veces no hace falta una bala para hacer daño” y “Te has ganado el cielo pequeña, justicia”.

Conclusiones: El acoso escolar repercute negativamente en las ocupaciones cotidianas. Los determinantes sociales de la salud juegan un papel fundamental en los casos de acoso escolar contribuyendo a la ocurrencia y la perpetuación de este problema, los hallazgos de este estudio demuestran que es necesario el papel de la justicia ocupacional para abordar el acoso escolar desde la Terapia Ocupacional.

Palabras clave: Terapia ocupacional, acoso escolar, justicia ocupacional, Sallent.

Tipo de trabajo: Trabajo de investigación.

Abstract

Introduction: Bullying continues to be present in our society and has a direct impact on the occupational participation of children and adolescents around the world. During the completion of this final degree project, the bullying event of Iván/Alana and Leila that occurred in the town of Sallent (Catalonia), who were victims of this social phenomenon that ended the life of Iván/Alana, is problematized.

Objectives: Explore the possible occupational injustices that arise from bullying, focusing on the analysis of news from different social media on the case of Iván/Alana and Leila, adolescents from Sallent who suffered bullying.

Methodology: This study is part of a qualitative methodology from the critical perspective of occupational justice. The type of study used has been documentary analysis through newspaper news. The Constant Comparison Method was used to analyze the information.

Results: After the analysis, 3 themes emerged: "From the first moment they have arrived in the town they have suffered bullying", "Sometimes a bullet is not needed to do damage" and "You have earned heaven, little one, justice".

Conclusions: Bullying has a negative impact on daily activities. The social determinants of health play a fundamental role in cases of bullying, contributing to the occurrence and perpetuation of this problem. The findings of this study show that the role of occupational justice is necessary to address bullying from occupational therapy.

Keywords: Occupational therapy, bullying, occupational justice, Sallent.

Type of work: Research work.

Contextualización e posicionamento do traballo

A alumna, que está cursando 4º grao de Terapia Ocupacional na Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, como investigadora principal, decidiu presentar o bullying dende a xustiza ocupacional como proposta do seu Traballo de Fin de Grao.

A idea inicial deste estudo, era realizar un proxecto de investigación, sen embargo, debido á vulnerabilidade que supón estudar o bullying dende a vivencia dos/as participantes, as súas titoras orientárona a levar a cabo un traballo de investigación que garantira unha maior facilidade no acceso da información e que estivera comprometido cun proceso ético e moral das persoas involucradas.

O xurdimento dunha noticia de grande impacto en febreiro de 2023, sobre o acoso escolar nos medios de comunicación, motivou ás directoras para impulsar un cambio dun primeiro proxecto de investigación cara un traballo de investigación, onde o obxectivo do traballo en ambos é abordar o acoso escolar dende a perspectiva crítica da xustiza ocupacional, dando posibilidade á realización deste traballo que nos permite aproximarnos a esta realidade. Para isto, e co fin de obter a información, empregaranse noticias de periódicos relativas a un caso concreto de acoso escolar, realizando unha análise documental.

As noticias analizadas fan referencia a un caso de acoso escolar situado na localidade de Sallent, un municipio de Barcelona, no que habitaban Iván/Alana e Leila, adolescentes de 12 anos que se lanzaron voluntariamente do balcón da súa casa, provocando o falecemento de Iván/Alana. Entre as principais hipóteses do caso, atópase que o suicidio estivo motivado polo acoso escolar que sufrían no centro educativo ao que acudían, onde recibían bullying pola súa nacionalidade arxentina e a identidade de xénero de Iván/Alana.

É por iso, que a propia investigadora, tras facer unha consulta á Oficina de Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña, decidiu empregar terminacións en “e” para tratar o xénero de Iván/Alana, sen embargo, nas citas verbais dos diferentes xornais manterase o xénero utilizado pola prensa (maioritariamente en feminino).

Polo tanto, a través do presente estudo preséntase unha análise documental de noticias de periódicos relativas ao caso de acoso escolar acontecido na localidade de Sallent aes xemelgues Iván/Alana e Leila de 12 anos, a través dunha mirada crítica dende a perspectiva da xustiza ocupacional.

1. Antecedentes e estado actual do tema:

Este estudo é un traballo de investigación que pretende explorar e comprender as posiblesinxustizas ocupacionais que xorden ante o acoso escolar, a través da análise dun caso concreto e real (o caso de Iván/Alana e Leila). Para isto, realizouse unha análise documental de noticias de periódicos, que é motivada pola situación actual deste fenómeno social, onde cada vez se ve un maior incremento de casos, con claras repercusións a nivel ocupacional.

Para abordar isto, e co fin de facilitar a comprensión deste tema, o traballo conta con varios apartados, onde se abordan os seguintes puntos:

- 1) *Contextualización do acoso escolar e ciberbullying*: neste punto realizase unha comprensión destes fenómenos, os seus factores de risco e as cifras actuais que os engloban.
- 2) *Determinantes sociais da saúde e possibles consecuencias do acoso escolar*: abórdanse os determinantes sociais da saúde como axentes que impactan directamente no aumento da gravidade deste fenómeno, así como as súas consecuencias directas na participación ocupacional, que a súa vez impactan na saúde e benestar das persoas afectadas.
- 3) *Acoso escolar dende os dereitos da infancia e a perspectiva da xustiza social e ocupacional*: neste punto abórdanse os principais dereitos da infancia e dereitos ocupacionais en relación a este fenómeno, así como as posiblesinxustizas que ocasiona a nivel ocupacional.
- 4) *Acoso escolar e Terapia Ocupacional (TO)*: lévase a cabo unha aproximación do bullying dende a disciplina de TO.

1.1. Contextualización do acoso escolar e ciberbullying

Na actualidade, o acoso escolar, é un importante problema de saúde pública, que afecta a nenos/as e adolescentes de todas as partes do mundo e que

repercute de forma clara na súa participación ocupacional⁽¹⁾. Segundo datos recollidos pola Organización das Nacións Unidas para a Cultura, as Ciencias e a Educación (UNESCO), estímase que arredor de 246 millóns de nenos e nenas sufren acoso escolar cada ano. A UNESCO declara que este fenómeno social ten graves consecuencias na saúde e no benestar destes/as nenos/as e adolescentes⁽²⁾.

O acoso escolar, que foi definido por primeira vez por Olweus, fai referencia a unha forma de violencia que acontece no contexto escolar e que se caracteriza por un abuso de poder e intimidación cara un/unha estudante por parte doutro/a ou doutros/as estudiantes⁽³⁾.

Tal e como recolle Save the Children, entre as súas características para poder detectalo, o acoso escolar trátase dun comportamento agresivo que aparece de forma intencionada e repetitiva ao longo do tempo nunha relación entre iguais onde existe un desequilibrio de poder⁽⁴⁾.

Este fenómeno pode tomar diferentes formas. Segundo o Defensor do Pobo e a táboa recollida por Romero Zunzunegui no seu traballo, pódense diferenciar as seguintes^{(5), (6)}:

- Rexeitamento e illamento social: tanto activo (por exemplo, non deixar participar) como pasivo (por exemplo, ignorar).
- Intimidación verbal: que se pode clasificar en directa (por exemplo, insultar, poñer nomes ofensivos...) e indirecta (por exemplo, falar mal de unha persoa ás súas costas).
- Violencia física: tanto directa (pegar) como indirecta (romper ou roubar cousas doutra persoa).
- Acoso sexual: tanto físico (actos sexuais) como verbal (mediante comentarios).
- Abuso emocional combinado: (como por exemplo, facer chantaxe ou ameazar verbalmente ou con armas).

Por outra banda, naquelas sociedades nas que existe un acceso ás novas tecnoloxías, xorde recentemente o concepto de ciberbullying ou ciberacoso.

Este fai referencia aos “actos de violencia psicolóxica e sistemática contra aqueles individuos que pertencen ao entorno das redes sociais dixitais. Esta forma de violencia prodúcese mediante o uso de medios electrónicos (tales como mensaxes de texto, fotos, vídeos, gravacións de voz...), coa finalidade de provocar dano de maneira repetitiva e hostil á persoa afectada”. Ditos actos constitúen unha forma de violencia que pode manifestarse en calquera momento⁽⁷⁾.

O ciberacoso pode presentarse de diferentes formas, Save the Children destaca as seguintes⁽⁸⁾:

- Happy slapping: gravación e difusión en liña de actos de violencia física, verbal ou sexual cometidos contra un/unha menor.
- Grooming: forma de acoso a través da Internet, que implica o engano ou o abuso sexual perpetrado por un adulto cara un/unha neno/nena.
- Sexting sen consentimento a menores: práctica de enviar fotografías ou conversacións de contido erótico ou sexual a terceiras persoas onde se involucran a menores, sen o consentimento dos/as mesmos/as.

No relativo aos factores de risco do acoso escolar, estes son múltiples e varían en función do contexto cultural e social. Presentar estos factores non implica directamente o acoso escolar, pero a súa presencia aumenta a probabilidade de que este problema suceda. Ademais, a maioría das veces os factores que causan o bullying son varios e interactúan entre si. No artigo publicado por Espelage e Swearer sobre o acoso escolar expóñense os seguintes factores de risco⁽⁹⁾:

- Características persoais: algúns nenos/as e adolescentes poden presentar unha maior vulnerabilidade a sufrir acoso escolar por características persoais, tales como a timidez, a ansiedade, a inseguridade, etc. Presentar dificultades para regular as emocións ou para establecer amizades tamén aumenta as probabilidades de sufrir este fenómeno.
- Factores familiares: nenos e nenas que proveñen de fogares nos que existen problemas familiares, falta de supervisión ou violencia.

- Factores sociais: nenos e nenas que son percibidos/as como diferentes polos/as seus/súas compañeiros e compañeiras (xa sexa por motivos de raza, xénero, orientación sexual ou discapacidade, entre outros).
- Factores escolares: centros educativos sen políticas claras sobre o acoso escolar ou que non aplican medidas antes este fenómeno.

Todos estes factores poden favorecer o acoso escolar e o ciberacoso. Ambos fenómenos teñen un gran impacto na actualidade e isto refléxase nas estatísticas recollidas por diferentes institucións que se mostran a continuación:

Segundo o Instituto de Estatística da UNESCO (UIS), o acoso escolar afecta a nenos/as e adolescentes de todas as partes do mundo. No 2018, case un terzo dos/as adolescentes no mundo sufriran acoso escolar recentemente⁽¹⁰⁾.

En España, no ano 2017, denunciáronse un total de 1054 casos de acoso escolar, segundo datos recollidos polo Corpo Nacional de Policía, Garda Civil e Polícia Local. Andalucía foi a comunidade autónoma con máis casos rexistrados, con un total de 255, mentres que Navarra e A Rioxa foron as que menos casos rexistraron, con soamente 4⁽¹¹⁾.

Os casos de ciberbullying aumentaron nos últimos anos. Segundo datos recollidos pola fundación Axuda a Nenos e Adolescentes en Risco (ANAR), un 24,7% das vítimas de acoso escolar sufriran tamén ciberacoso no 2017⁽¹²⁾.

Con respecto ao sexo, o UIS destaca que a nivel mundial os nenos presentan máis risco de sufrir acoso escolar que as nenas. Os datos demostran que un 32% dos nenos sofren acoso escolar, en comparación coas nenas con un 28%⁽¹⁰⁾.

Estes datos concordan cos recollidos en España, onde un 39% das denuncias recibidas eran de homes e un 25% de mulleres⁽¹¹⁾.

En relación ao grupo de idade onde o acoso escolar aparece con máis frecuencia atópase o comprendido entre os 12 e os 14 anos, con un total de 561 denuncias no 2017, seguido polos/as adolescentes de 15 a 17 anos, con 384 denuncias no mesmo ano⁽¹¹⁾.

Entre os factores externos do acoso escolar o UIS destaca que os nenos e nenas inmigrantes tenden a ser más vulnerables ao acoso escolar que aqueles nacidos localmente⁽¹⁰⁾.

Por outra parte, o informe sobre saúde mental na infancia e adolescencia realizado por Save The Children indica que aqueles/as nenos/as ou adolescentes que son vítimas de acoso escolar teñen 2,23 veces máis risco de presentar ideacións suicidas e 2,55 veces máis risco de intentar suicidarse⁽¹³⁾.

Estes datos demostran a gravidade actual do fenómeno e remarcán a necesidade de desenvolver un traballo de investigación baseado nun caso real, onde se poida explorar o impacto que xera o acoso escolar. Polo tanto, estes datos proporcionan unha base sólida e xustifican a realización do presente traballo de investigación, enfocado nesta realidade dende a perspectiva da TO ao considerar o bullying como un fenómeno que repercuta na vida cotiá, saúde e benestar das persoas afectadas.

1.2. Determinantes sociais da saúde e consecuencias do acoso escolar

Os determinantes sociais da saúde son aquelas condicións nas que as persoas nacen, crecen, viven, traballan e envellecen, e que afectan á saúde de forma significativa. Engloban multitud de factores sociais, económicos, culturais e ambientais que inflúen nesta saúde⁽¹⁴⁾.

A Comisión de Determinantes sociais da Saúde, recolle no seu informe a relevancia que teñen estos determinantes na saúde de todas as persoas. O artigo salienta que estes poden influír nas condicións de vida, o acceso a servizos de saúde, as oportunidades educativas, as opcións laborais e outros factores que afectan á saúde. Este informe tamén destaca a importancia de abordar estos determinantes sociais da saúde para conseguir a equidade sanitaria, sinalando que as intervencións deben dirixirse a causas subxacentes das desigualdades e non só os síntomas ou resultados. Faise unha proposta para abordar estes a través das intervencións intersectoriais e políticas que promovan a equidade sanitaria e melloren as condicións de vida de todas as persoas⁽¹⁴⁾.

No relativo ao acoso escolar, este fenómeno pode ser considerado unha das iniquidades sanitarias que menciona este informe, xa que afecta desproporcionadamente a grupos de nenos/as e adolescentes que poden pertencer a minorías étnicas, colectivos LGBTQ+, persoas con discapacidade... e presentar efectos negativos na saúde mental, rendemento académico e calidade de vida. É por iso que dende o informe se fai un chamamento á promoción de centros escolares seguros e respectuosos que garantan recursos de apoio e políticas inclusivas, ao mesmo tempo que se considera necesario combater aqueles factores sociais e culturais que favorecen este fenómeno, como poden ser a presenza de estigmas, a falta de conciencia e a discriminación (como é o racismo e a transfobia sufrida no caso de Iván/Alana e Leila)⁽¹⁴⁾.

Ao igual que se menciona no informe sobre os determinantes sociais que se acaba de detallar, o acoso escolar e os determinantes sociais que trae de base, favorecen unha serie de consecuencias inmediatas e futuras na saúde e benestar dos/as nenos/as e adolescentes. Dende a TO pódese identificar e destacar entre estas consecuencias a afectación da participación ocupacional. Este fenómeno ten un gran impacto nas ocupacións dos nenos e nenas que o presentan, comprometendo diferentes aspectos na súa vida, de forma inmediata e futura⁽⁶⁾. Entre as ocupacións que se poden ver afectadas, destácanse as seguintes:

- Participación escolar: os nenos e nenas que son vítimas de bullying poden sentirse inseguros no entorno educativo, o que pode afectar á súa capacidade para participar de forma plena nas actividades escolares, impactando negativamente no rendemento académico destes nenos e nenas⁽¹⁵⁾. Ademais, estes/as estudiantes poden presentar falta de motivación para asistir á escola e para participar nas actividades educativas propostas polo centro, o que pode desencadear en grandes casos de ausentismo escolar⁽¹⁶⁾.
- Participación social: o acoso escolar pode interferir no establecemento de relacións e na participación en actividades sociais⁽¹⁷⁾. Os conflitos entre entre iguais que se soen dar nestas situacións impactan directa e negativamente nesta ocupación, reducindo as interaccións sociais e

aumentando as situacíons de illamento, algo que afecta negativamente na saúde mental, benestar e calidade de vida destes nenos e nenas⁽¹⁸⁾. Ademais, os nenos e nenas que presentan acoso escolar teñen más probabilidades de sentirse rafos no colexio, xerando dificultades para formar amizades saudables, o que tamén pode ocasionar este illamento social e sentimento de soledade⁽¹⁶⁾.

Á súa vez todas estas consecuencias a nivel ocupacional afectan na saúde das persoas que as presentan, causando graves problemas de saúde mental, aumentando o risco de padecer trastornos mentais como a ansiedade ou a depresión e incrementando as conductas suicidas⁽¹⁶⁾.

1.3. Acoso escolar dende os dereitos da infancia e a perspectiva da xustiza social e ocupacional

Tal e como se mencionaba no apartado anterior, o acoso escolar é un fenómeno que pode chegar a ter graves consecuencias para a saúde e o benestar de todos os nenos e nenas. No contexto dos Dereitos da Infancia, este fenómeno refléxase nunha violación do derecho á educación e do derecho a ser protexido contra todas as formas de violencia, tal e como se indica nos artigos 19 e 29 da Convención de Dereitos do Neno⁽¹⁹⁾:

No artigo 19 deféndese a idea de que todos os nenos e nenas teñen derecho a estar protexidos contra todas as formas de violencia, abuso, descoido, negligencia ou explotación e recae sobre os Estados Partes da Convención tomar medidas que preveñan e respondan a estos tipos de violencia. Ante a existencia de bullying, estase violando este derecho, pois o acoso escolar é un tipo de violencia en si (xa sexa física, psicolóxica, sexual, etc)⁽¹⁹⁾.

No artigo 29 sostense a idea de que a educación de todos os nenos e nenas debe estar enfocada cara o pleno desenvolvemento da súa personalidade, talentos e habilidades, de tal forma que poidan chegar a ser membros responsables e produtivos da sociedade, e son os Estados Partes da Convención os que deben garantir unha educación gratuita, accesible e de calidade para todos os nenos e nenas, sen ningún tipo de discriminación. A presenza de acoso escolar pode interferir con este derecho, creando un ambiente

inseguro que afecta ao benestar emocional e a capacidade de aprendizaxe dos nenos e nenas, polo que a participación escolar se ve claramente afectada, limitando este acceso a unha educación de calidade^{(19), (20)}.

Estes dous artigos mostran un posicionamento claro daqueles temas que preocupan ao Comité dos Dereitos do Neno: educación de calidade e protección fronte a violencia. Ademais, o artigo 12 menciona a necesidade de que todos/as os/as nenos/as poidan expresar libremente a súa opinión en todos aqueles asuntos que os/as afectan, nos casos de bullying este derecho moitas veces tamén é vulnerado, ao igual que os dous anteriores⁽¹⁹⁾.

O incumprimento destes dereitos implica, de forma simultánea, o incumprimento dos dereitos ocupacionais, pois están estreitamente relacionados coa participación en actividades significativas como a educación, a participación social, etc. Os dereitos ocupacionais xorden como unha actualización dos Dereitos Humanos, e son definidos como aqueles dereitos que teñen todas as persoas para participar en ocupacións que sexan significativas para elas e lles aporten benestar⁽²¹⁾. A protección destes dereitos ocupacionais, garantindo a elección e participación en ocupacións saudables e significativas de todas as persoas é o fundamento das sociedades xustas⁽²²⁾.

O cumprimento destes dereitos básicos correspón dese co mantemento da xustiza social e ocupacional. Estes son conceptos complementarios que teñen en común a idea de que as sociedades precisan ser gobernadas de forma xusta, mediante a aplicación dun conxunto de principios éticos, morais e cívicos que están relacionados coa igualdade de recursos e a distribución de dereitos e responsabilidades⁽²³⁾.

Pódese definir a xustiza social como a promoción de igualdade de oportunidades e de dereitos humanos. Esta xustiza defende a idea de que a equidade é un concepto fundamental para o desenvolvemento de todas as sociedades pacíficas, onde se garanta que todos os humanos poidan ter acceso de oportunidade e recursos, co propósito de reducir as diferenzas grupais por idade, habilidade, cultura, xénero, clase social e orientación sexual⁽²⁴⁾.

A xustiza ocupacional, enténdese como unha forma de xustiza social, onde os humanos somos seres ocupacionais, precisando participar en ocupacións para desenvolvernos. Defende a idea de que é necesario facilitar os accesos a oportunidades e recursos, independentemente das nosas diferenzas individuais. Mediante a promoción da xustiza ocupacional propúlsase o cambio social e político, onde todas as persoas poidan acceder a ocupacións significativas, á vez que se crean comunidades inclusivas, onde todas estas persoas poidan participar como cidadáns de pleno dereito, independentemente de calquera disfunción ocupacional que presenten. A xustiza ocupacional, a diferencia da social, abarca a necesidade de recursos específicos para as persoas que poidan presentar limitacións ou barreiras na realización das actividades da vida diaria, promovendo a saúde e o benestar⁽²⁴⁾.

As posibles restricións na participación ocupacional xeraninxustizas ocupacionais, tal e como defende Townsend e Wilcock nun dos seus estudos nos que as define como situacíons que ocorren “cando a participación nas ocupacións está prohibida, confinada, restrinxida, segregada, subdesenrolada, perturbada, alienada, marxinada, explotada, excluída ou restrinxida de calquera outra maneira”. Existen diferentes tipos deinxustizas ocupacionais entre as cales atopamos: a privación ocupacional, a alienación ocupacional, a marxinación ocupacional, o desequilibrio ocupacional e o apartheid ocupacional⁽²⁵⁾.

A Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional (AOTA) afirma que a xustiza ocupacional está incluída dentro do dominio da TO. Isto xustifícarse porque as forzas ambientais inflúen na participación ocupacional, así como na distribución de servizos de TO e nos resultados que se obteñan na mesma polos seus usuarios. Dende a AOTA faise un chamamento para que os/as TOs adopten as súas prácticas dende o enfoque da xustiza ocupacional e destaca a relevancia de xerar evidencia que poida facilitar o recoñecemento e a posta en práctica deste concepto nos ámbitos profesionais do día a día dos/as TOs⁽²⁶⁾.

Nesta liña, empregar a perspectiva crítica da xustiza ocupacional como enfoque do presente traballo garda sentido e aporta relevancia ante a identificación das causas subxacentes do acoso escolar, a abordaxe das posibles desigualdades

que presenta este fenómeno, así como ante a promoción de accións dende TO que preveñan e aborden o bullying de forma más efectiva.

1.4. Terapia Ocupacional e acoso escolar

No ámbito da TO, o acoso escolar pode considerarse unha forma de desigualdade que afecta a múltiples áreas ocupacionais, roles, rutinas e á saúde mental. Entre as principais áreas ocupacionais afectadas atópase o ocio, a participación escolar e a participación social⁽¹⁾.

Unha recente scoping review de Riveiro Sobrino confirma, ao igual que recolle Pereira nun dos seus artigos, que a literatura sobre a TO e o acoso escolar é escasa, os datos recollidos reflexan a necesidade de expandir o papel desta disciplina no ámbito da saúde mental e promover medidas de prevención deste fenómeno dende a TO, que poñan o foco na ocupación, xa que gran parte da evidencia dispoñible menciona propostas de acción que non se centran nas ocupacións^{(27) (28)}.

A pesar da escaseza de literatura existente sobre este fenómeno en relación á TO, o acoso escolar está declarado como unha área de actuación emerxente da disciplina, tal e como reflexa a AOTA. A TO ten todas as ferramentas necesarias para responder ás necesidades da comunidade e abordar a violencia dende a promoción da saúde, posto que o acoso escolar pode derivar en inxustizas ocupacionais e problemas de saúde que están condicionados polos mencionados determinantes sociais da saúde^{(29) (30)}.

Dende a disciplina proponse o favorecemento dunha educación de calidade e unha redución das desigualdades sociais. Considérase a educación como unha ocupación moi significativa para a comunidade que garante o bo desenvolvemento da mesma, e como tal, debe ser apoiada por políticas sociais adecuadas, que respondan a necesidades e realidades sociais⁽³⁰⁾.

En resumo, o papel da TO en relación ao acoso escolar é fundamental para previr e abordar esta problemática. O seu enfoque, segundo recollen autores como Pereira, debe estar centrado na promoción da participación ocupacional en actividades con significado, previr este fenómeno, proporcionar intervencións

terapéuticas e colaborar con outros profesionais para conseguir un enfoque integral que aborde este fenómeno social⁽²⁸⁾.

Polo tanto, a realización do presente traballo, toma sentido ante a necesidade de explorar e abordar as múltiples inxustizas ocupacionais que limitan a participación ocupacional das persoas que presentan este fenómeno. Estas situacíons de inxustiza dan lugar, á súa vez, a problemas na saúde, benestar e calidade de vida destes nenos e nenas, polo que é fundamental abordalas dende a súa base, os determinantes sociais da saúde. Outro dos motivos deste traballo vai en relación á escasa evidencia científica sobre a abordaxe deste fenómeno dende a TO, tal e como se menciona anteriormente.

O emprego de medios de comunicación como fonte de información deste traballo, permite aproximarnos a unha situación real e garante o fácil o acceso á información de maneira ética, respectando a vulnerabilidade dos/as participantes. Ademais os medios de comunicación, son unha boa ferramenta de concienciación da sociedade que posúen un gran peso na opinión popular.

A relevancia da situación actual deste fenómeno reflexada nos últimos meses nos medios de comunicación, motiva ás directoras e á alumna a impulsar este traballo a través dunha análise documental dun caso real, que nos achega a unha realidade próxima onde todos estes conceptos toman sentido, antes as frecuentes situacíons de inxustiza ocupacional que vivían Iván/Alana e Leila no seu centro educativo e que levaron a ambes a querer acabar coa súa vida, un caso que demostra de forma clara a gravidade deste fenómeno social.

2. Obxectivos:

O **obxectivo xeral** deste estudo é explorar as posibles inxustizas ocupacionais que xorden ante o acoso escolar, a través da análise de noticias de diferentes medios de comunicación, focalizándose no caso real de Iván/Alana e Leila, adolescentes de Sallent, que sufrieron acoso escolar.

Os **obxectivos específicos** son:

- Explorar a presenza deste fenómeno social nos medios de comunicación, a través do caso real des xemelgues.
- Coñecer a perspectiva que teñen os diferentes contextos : familiar, social, e institucional sobre o acoso escolar e as ocupacións.
- Detectar os principais determinantes sociais da saúde implicados neste caso de acoso escolar e explorar como inflúen nas ocupacións.

3. Metodoloxía:

3.1. Tipo de estudio

O presente traballo seguirá unha metodoloxía cualitativa. Esta foi definida por Denzin e Lincoln como “unha actividade situada, que localiza ao observador no mundo”. As metodoloxías cualitativas pretenden lograr a comprensión de situacións concretas, buscando os significados que lles dan aos feitos e descubrindo como son experimentados determinados fenómenos por uns individuos ou grupos sociais que se están a investigar. É dicir, pretende descubrir e describir de forma narrada o que fan as persoas no seu día a día e o que significan as súas accións para eles mesmos^{(31) (32) (33)}.

Para isto, empregaránse materiais empíricos, como poden ser: entrevistas, observacións, textos, historias de vida, experiencias... que describen situacións cotiás ou problemáticas e o que significan nas vidas destas persoas. Tendo como obxectivo principal a interpretación e a análise dos discursos e motivacións⁽³¹⁾.

Neste caso o fenómeno a investigar será o acoso escolar, partindo das experiencias propias de persoas que viviron esta situación que repercute no seu día a día. Será abordado dende unha perspectiva holística, tal e como recolle este tipo de metodoloxía e para elo, utilizaránse noticias dun caso real de acoso escolar con gran impacto nos medios de comunicación.

É por iso que para recolectar a información, se realizará unha análise documental a través de noticias de periódicos, unha técnica que reúne, selecciona e analiza información procedente de documentos permitindo estudar un fenómeno social determinado. A información obtida, polo tanto, non se obterá das persoas investigadas directamente, senón a través de material escrito e visual presente nas noticias⁽³⁴⁾.

Ademais, este estudo contará cunha perspectiva crítica da xustiza ocupacional co fin de explorar as posiblesinxustizas ocupacionais existentes nun caso real de acoso escolar. Esta proposta metodolóxica, inspirase na realizada por Veiga-Seijo, Farias e Rivas-Quarneti. Esta corrente crítica explora a xustiza, a equidade, o empoderamento e a autonomía das persoas. Abrázase a intención

de traballar como terapeutas ocupacionais a través da promoción da xustiza e a súa conexión coas ocupacións, emerxendo así o diálogo da xustiza ocupacional⁽³⁵⁾ ⁽³⁶⁾.

Neste estudo, utilizarase unha mirada dende a xustiza ocupacional que nos permitirá coñecer o impacto do acoso escolar na participación ocupacional, sendo un fenómeno que repercuten en áreas ocupacionais como a educación, a participación social e o ocio, entre outras. Á súa vez, esta afectación ocupacional repercuten na saúde e benestar das persoas que o viven. A comprensión deste fenómeno dende esta perspectiva da xustiza ocupacional permitirá entrar nun diálogo onde teña prioridade o empoderamento e se promova o cambio cara unha sociedade máis xusta ocupacionalmente. Realizar este cambio supón a promoción de sociedades más inclusivas e saudables, que poñen o foco na vida cotiá das persoas que as conforman ⁽³⁶⁾ ⁽³⁷⁾.

3.2. Posición da investigadora

A alumna investigadora, decidiu presentar este traballo de investigación xunto coas súas directoras, xa que tal e como se comenta no apartado 1. Contextualización e posicionamento do traballo, o acoso escolar é un fenómeno que está moi presente na nosa sociedade e que ten graves consecuencias na participación ocupacional, saúde e benestar dos individuos que o presentan. A investigadora é motivada a realizar un traballo de investigación que abrangue este fenómeno pola proximidade dos feitos en experiencias persoais directas ao seu círculo de amigos/as e coñecidos/as. Ademais, o xurdimento nos últimos meses de noticias de grande impacto sobre o acoso escolar nos medios de comunicación, impulsou a realización deste traballo abordándoo dende a análise de noticias dun caso real de acoso escolar na localidade de Sallent, que resume e dá posibilidade de coñecer esta realidade e darlle voz ás inxustizas que se atopan presentes no caso.

3.3. Estratexia de busca

3.3.1. Bases de datos

A busca levouse a cabo a través da base de datos *Factiva*. Tamén se revisaron as páxinas web de cada un dos periódicos que se seleccionaron, pero

finalmente decidiuse empregar *Factiva* como única base de datos, posto que a mayoría das noticias atopadas eran praticamente as mesmas. Para seleccionar os periódicos realizouse unha consulta coa Biblioteca de Socioloxía e Ciencias da Comunicación da UDC, para obter información relativa á tirada e á difusión da prensa en España. Finalmente, os periódicos consultados en *Factiva* foron “El País”, “La Vanguardia”, “La Voz de Galicia”, “ABC”, “El Correo”, “El Mundo”, “El Diario Vasco”, “El Periódico de Catalunya”, “El Punt Avui” e “Diari Ara”, todos eles correspondentes a xornais de información xeral con maior difusión en España no ano 2022, segundo o portal estatístico *Statista*⁽³⁸⁾.

3.3.2. Termos de busca

Por unha parte, a estratexia de busca empregada en *Factiva* foi a seguinte (“acoso escolar” OR bullying OR “assetjament escolar” OR suicidio OR suïcidi) AND Sallent.

Por outra parte, para buscar nos diferentes xornais empregáronse as palabras clave “Sallent”, “acoso escolar” e “bullying”.

Os termos empregados fan alusión ao seguinte: un suicidio/ intento de suicidio na localidade de Sallent por motivos referidos ao acoso escolar que sufrían Iván/Alana e Leila, xemelgues que estudaban nun instituto desa mesma localidade. Utilizáronse palabras en español e en catalán (assetjament escolar, suïcidi), xa que o caso está situado nunha localidade da comunidade autónoma de Cataluña e isto permite abracer un maior número de noticias publicadas en periódicos a nivel nacional e rexional.

Por iso, ante a presencia de noticias en catalán, as frases citadas textualmente das noticias neste idioma serán traducidas ao galego para facilitar aúa comprensión.

3.3.3. Criterios de selección

Os criterios establecidos para seleccionar as noticias a analizar resúmense na seguinte Táboa 1:

Táboa 1: criterios de selección de noticias

| Criterios de inclusión | Criterios de exclusión |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> Noticias publicadas entre o 21 de febreiro de 2023 (data do suceso) e 1 mes posterior Periódicos de maior difusión en España no ano 2022 segundo Statista⁽³⁸⁾ Noticias referidas ao caso de acoso escolar de Iván/Alana e Leila en Barcelona Periódicos de información xeral | <ul style="list-style-type: none"> Webs, foros e blogs |

3.3.4. Busca bibliográfica

Tal e como se reflexa nos criterios de selección da *Táboa 1*, a busca de noticias foi realizada na base de datos *Factiva* e delimitouse entre os días 21 de febreiro de 2023, cando acontece este suceso e o 21 de marzo de 2023, un mes despois do acontecido.

Os periódicos seleccionados correspón dese á prensa de información xeral de maior difusión en España no ano 2022, segundo o portal estatístico *Statista*. Isto inclúe á prensa con maior número de exemplares vendidos no ano 2022, tanto en papel, como subscricións dixitais xunto a aqueles exemplares distribuídos gratuitamente.

3.4. Proceso de selección dos artigos

Para seleccionar as noticias tivérонse en conta os seguintes pasos:

Primeiramente, excluíronse as noticias duplicadas. Posteriormente, tívose en conta o título da noticia, este debería estar enfocado no caso seleccionado de acoso escolar a analizar e debería proporcionar información relevante (apéndice II: *noticias seleccionadas en función do título*). Despois, realizaríase

unha análise por resumo (referíndonos a este como o breve párrafo introdutorio que aparece ao buscar as noticias na base de datos *Factiva*), para verificar se o contido da noticia gardaba relación co tema que se quería investigar.

Por último, unha vez comprobados os pasos anteriores, faríase unha revisión do texto completo para extraer a información convinte.

Na *figura 1* exponse o proceso de filtrado dos artigos. Finalmente 59 noticias foron seleccionadas.

Figura 1: Proceso de filtrado de artigos

| 172 | 140 | 78 | 64 | 59 |
|---|---|---|----------------------------|---|
| Total de resultados encontrados en <i>Factiva</i> | Resultados obtidos despois da eliminación de duplicados | Aceptados en función do título da noticia | Aceptados segundo o resumo | Aceptados despois de ler o texto completo |

3.5. Análise de resultados

Tras a selección das noticias (apéndice III), procédese a realizar unha análise bibliométrica e unha análise temática da información.

Por unha banda, para a análise bibliométrica, estudaríanse 6 variables, que serían as seguintes:

- Periódico
- Autor/a
- Idioma
- Sección do periódico
- Data de publicación
- Título da noticia

Por outra banda, para a análise empregouse o Método de comparación constante, unha técnica cualitativa para analizar datos de forma sistemática e xerar categorías ou temas significativos, este permite combinar a codificación indutiva de categorías cunha comparación simultánea de todos os incidentes sociais observados. Ao mesmo tempo que se rexistran e se clasifican os fenómenos sociais, tamén se comparan entre categorías⁽³⁹⁾.

Unha vez seleccionadas todas as noticias procedeuse a imprimir en papel as mesmas e realizar unha lectura profunda varias veces. Para identificar os diferentes subtemas utilizouse o subliñado con varias cores e creouse unha lenda explicativa, ao mesmo tempo que se ían marcando as diferentes perspectivas das partes implicadas no caso en relación aos obxectivos de investigación. Na seguinte lectura comezáronse a rodear aquelas palabras relativas ás ocupacións implicadas no caso e posteriormente iríanse marcando os determinantes sociais da saúde visibles nestas noticias. Ao mesmo tempo que se recollían estes datos íanse creando subcategorías que se ían apuntando nun esquema.

Nas seguintes lecturas fóreronse atopando outras categorías de relevancia para o estudo relativas á xustiza ocupacional, o acoso escolar e as medidas de acción. Estas foron sinaladas nas propias noticias e ampliadas nun posterior esquema, onde se organizarían ditas categorías.

Ao mesmo tempo que se ían categorizando os temas existentes íanse obtendo as primeiras similitudes entre estas temáticas, o que sería un proceso clave para os posteriores apartados.

3.6. Criterios de rigor

Os criterios de rigor fan referencia a unha serie de estratexias que se empregan para asegurar a credibilidade, transferibilidade e confirmabilidade dos resultados obtidos. Estes criterios son os seguintes⁽⁴⁰⁾:

- Credibilidade: fai referencia á confianza e veracidade dos datos obtidos. Neste traballo os resultados obtidos nas noticias deberán reflexar as verdadeiras experiencias das partes implicadas, para isto utilízanse noticias

de diferentes periódicos onde se recollen varias narrativas diferentes das diferentes partes, o que aporta maior credibilidade.

- Transferibilidade: é a capacidade dos datos para poder aplicalos noutras situacións e contextos. Para isto, faise unha descripción detallada dos criterios de selección empregados e da realización da busca.
- Confirmabilidade: fai referencia a obxectividade e transparencia do proceso de investigación. Isto pode verse ao longo do traballo, onde se poden ver reflexados todos os pasos de forma clara (criterios de selección, recompilación e análise da información obtida e interpretación dos resultados).

4. Resultados

4.1. Análise das variables bibliométricas

A continuación, expoñeranse as principais variables bibliométricas relativas ás 59 noticias seleccionadas para abordar este caso: periódico, autor/a, idioma, sección, data de publicación e título da noticia.

4.1.1. Periódico

As fontes incluídas na busca abarcarían os seguintes periódicos: “El País”, “La Vanguardia”, “La Voz de Galicia”, “ABC”, “El Correo”, “El Mundo”, “El Diario Vasco”, “El Periódico de Catalunya”, “El Punt Avui” e “Diari Ara”. Estes, correspóndense á prensa de información xeral de maior difusión en España no ano 2022, segundo o portal estatístico *Statista*. Soamente 4 dos xornais son nacionais (El País, La Vanguardia, ABC e El Mundo), mentres que, 5 xornais representan periódicos rexionais relativos ás comunidades autónomas de Galicia, País Vasco e Cataluña. Dentro destes periódicos rexionais, obsérvase que 3 deles son relativos á comunidade autónoma catalá (El Periódico de Catalunya, El Punt Avui e Diari Ara). O maior número de noticias, con un total de 15, correspón dese a “El Periódico de Catalunya”, seguido de “Diari Ara” con 12.


Figura 2: Número de noticias por periódico



4.1.2. Autor/a

Con respecto a autoría, aquellas noticias escritas por un/unha só/a autor/a destacan por encima das que están escritas en grupo de 2 ou más persoas, entre as cales só se encontran 15 artigos.


Figura 3: Número de noticias escritas por unha ou más persoas



4.1.3. Idioma

As noticias seleccionadas están escritas en 2 idiomas: o español e o catalán. Destacan as noticias en español, con un total de 40 artigos escritos en este idioma (68%), mentres que as 19 noticias restantes (32%) están en catalán.


Figura 4: Noticias por idioma



4.1.4. Sección do periódico

A gran parte das noticias atópanse na sección correspondente a “sociedade”, con un total de 34 artigos (57%). A sección “sucesos” é a segunda con máis noticias, con un total de 7 artigos (12%). As restantes 18 noticias, correspóndense a outras seccións (“Educación”, “España”, “Local”, “Crónica”, “Cultura” e “Opinión”).


Figura 5: Número de noticias por sección de periódico



4.1.5. Data de publicación

En relación á data de publicación das noticias, obsérvase que a gran maioría das noticias foron publicadas nos 7 primeiros días tras o suceso. Entre os días 21 de febreiro e 28 de febreiro foron publicadas un total de 48 noticias, mentres que do 1 de marzo ata o 21 do mesmo mes soamente saíron 11 artigos en xornais.


Figura 6: Gráfico da evolución das tendencias das noticias por periódico



4.1.6. Título da noticia


As palabras clave empregadas no título das noticias seleccionadas foron as referidas a “xemelgas”, “Sallent” e “acoso escolar”. O termo “Sallent” é o que más destaca en todas as noticias, aparecendo nun total de 46 artigos (38%), seguido do termo “xemelgas/os”, que está presente en 39 das noticias seleccionadas (32%). “Acoso escolar/bullying” é a terceira palabra que más destaca, aparecendo nun total de 22 noticias (18%). Tamén se fai referencia ao termo “suicidio”, pero en menor cantidade, mencionándose tan só en 8 noticias (7%). Por outra parte, termos como “salto voluntario” ou similares aparecen en 6 das noticias analizadas (5%).

Figura 7: Palabras clave no título das noticias:



Pódese observar que soamente en 6 dos títulos (13%) dos artigos se emprega o xénero masculino para referirse a Iván (Alana).

Figura 8: Títulos que emplegan o xénero masculino ou feminino



4.2. Análise das principais categorías temáticas

As principais categorías temáticas obtidas na análise son tres: “*Desd del primer momento que van arribar al poble han patit bullying*” (dende o primeiro momento que chegaron ao pobo sufriren bullying), “*A veces no hace falta una bala para hacer daño*” e “*Te has ganado el cielo pequeña, justicia*”. Estas categorías, atópanse apoiadas en fragmentos das noticias analizadas.

4.2.1. “Desd del primer moment que van arribar al poble han patit bullying” (dende o primeiro momento que chegaron ao pobo sufriron bullying)

Nesta categoría, exponse a forma na que o acoso escolar é percibido dende a perspectiva dos diferentes contextos implicados neste caso (contexto familiar, social e institucional).

No relativo ao contexto familiar, as diferentes partes implicadas converxen na idea de que os xemelgues sufrían acoso escolar por parte dealgúns dos/as seus/súas compañeiros/as de instituto. “Estos últimos días tratan de defender a la escuela, pero le hacían bullying. Pasa en todo el mundo, y ahora le tocó a mi familia” argumenta o avó des menores (noticia nº 19). Ao mesmo tempo, Kevin, un primo dos xemelgues comenta nunha entrevista “Des del primer moment que van arribar al poble han patit bullying” (dende o primeiro momento que chegaron ao pobo sufriron bullying) (noticia nº 2). Nesta mesma liña continúan as palabras do tío Joel “Las niñas lo pasaban mal en el colegio y aunque a la abuela, a mi hermana, le contaban pocas cosas para no preocuparla, sabíamos que hacía mucho tiempo que se reían de ellas” (noticia nº 26).

Entre as razóns que apuntan os familiares como causas deste acoso escolar son fundamentalmente dúas: a súa procedencia arxentina e non saber falar catalán: “estaban siendo marginadas por ser argentinas, eran maltratadas y víctimas de ‘bullying’” comenta a súa tía (noticia nº 30); unha idea que se complementa cada seu avó “Hablé con las pequeñas hace unos meses y me dijeron que los chicos de su clase se reían de ellas porque no hablaban bien el catalán” (noticia nº 32). Sobre a identidade de xénero de Iván/Alana, todos afirman que era algo sobre o que non tiñan consciencia “No manifestó a sus padres que se sentía chico, se enteraron por la carta que dejó” comenta o avó (noticia nº 19). Finalmente respecto aos pais, só se posicionan ante a prensa nunha ocasión, mediante un comunicado onde mencionan que “No se llamaba Iván, se llamaba Alana” (noticia nº 53), así como que non querían converter a morte do seu fillo “en un circo mediático”, pero tampouco nun “abanderamiento político de ningún color” (noticia nº 53).

Por outra banda, dentro do contexto social tanto os/as compañeiros/as do instituto como os/as veciños/as de Sallent afirman que Iván/Alana e Leila sufrían acoso escolar por parte dalgúns compañeiros/as pola súa orixe arxentina: “[Era un grupo numeroso el que las acosaba, instigado sobre todo por tres chavales, que las llamaban ‘las argentinas’ y se reían de ellas por el acento](#)” comentou unha alumna (noticia nº 10). Unha das veciñas, respalda esta idea comentando: “[en este pueblo si eres nuevo, o extranjero, no te aceptan](#)” (noticia nº 10). Estes exemplos coinciden coa liña expositiva defendida previamente polo contexto familiar.

Ademais, os/as compañeiros/as apuntan a vontade de Iván/Alana por querer realizar un cambio de xénero como outra das posibles causas do bullying, tal e como recollen algúns periódicos como El País: “[Muchos estudiantes del instituto aseguran que una de las gemelas había pedido identificarse como Iván, pero que algunos compañeros le llamaban Ivana para mofarse](#)” (noticia nº 35). Polo tanto, os/as compañeiros/as eran coñecedores/as da súa identidade de xénero a diferenza dos seus contextos familiar e institucional. Os/as mesmos/as relatan situacións concretas de acoso escolar que sufrían Iván/Alana e Leila no instituto, tal e como se recolle en periódicos como ABC: “[Alana y Leila sufrían acoso por parte de un grupo numeroso, instigado sobre todo por tres chicos de su mismo curso, primero de la ESO. Se burlaban de ellas por el acento argentino y su carácter temperamental; pero lo hacían, sobre todo, por la identidad de género de Alana, que «quería ser un chico y le llamaran Iván»](#)” (noticia nº 20).

Por último, preséntase a perspectiva do contexto institucional, onde, nun primeiro momento, tanto o Departamento de Educación, o Axuntamento de Sallent e o propio centro educativo negaban o feito de que Iván/Alana e Leila sufriran acoso escolar, así como que esa fora unha das causas que os impulsara a tomar a decisión de saltar dende o balcón da súa casa, esta idea está recollida en numerosas noticias, tal e como se pode ver no periódico El País: “[ni los servicios territoriales del Departamento ni el centro contemplan actualmente la hipótesis del bullying](#)” a partir de la información recogida a lo largo del martes. Ribalta coincide en la misma tesis, aunque admite que la investigación requiere su tiempo.” (noticia nº 9). Unha idea que foi en contraposición coa dos Mossos

d'esquadra, os cales non descartaron ningunha das hipóteses dende o primeiro momento: “els Mossos d'Esquadra són molt més prudents i mantenen que “la investigació està en curs” i insisteixen que “totes les hipòtesis estan obertes”” (os Mossos d'Esquadra son moito más prudentes e manteñen que “a investigación está en curso” e insisten que “todas las hipótesis están abiertas”) (noticia nº 2). Tras varios días estas institucións matizan a súa versión defendendo que se trata de “un escenario multifactorial” e que “todas las hipótesis están abiertas” (noticia nº 15).

Dende o instituto non se tiña constancia da transición de xénero á que quería someterse Iván/Alana. Sen embargo, coméntase que si recibían atención psicolóxica e seguimento especial por unha orientadora pedagólica dende o centro educativo: “fuentes del departamento aseguran que ambas alumnas recibían atención psicológica en el centro y también seguimiento especial por parte de una orientadora pedagógica por su situación familiar y social” (noticia nº 8).

4.2.2. “A veces no hace falta una bala para hacer daño”

Na presente categoría móstranse os posibles factores que fomentaron e agravaron o acoso escolar, como son os determinantes sociais da saúde, que inflúen na presenza e no impacto deste fenómeno social, entre os cales se atopan: a situación familiar, as redes de apoio, a identidade de xénero, a nacionalidade/racismo, a desigualdade económica e os sistemas educativo e de saúde. Expoñeranse como repercuten estes na participación ocupacional des xemelgues e como afecta isto no seu benestar e calidade de vida.

En canto ás redes de apoio, atendemos a problemas relativos á falta destas, actuando claramente como un factor que inflúe no benestar, saúde e calidade de vida de Iván/Alana e Leila. Isto pode verse, ante a negativa do contexto institucional sobre a situación do acoso escolar, así como a non aplicación das medidas correspondentes para abordar esta situación: “La investigació sobre les bessones de Sallent descarta 'bullying'” (a investigación sobre as xemelgas de Sallent descarta bullying), “No hi havia cap protocol de bullying iniciat al centre” (Non había ningún protocolo de bullying iniciado no centro) (noticia nº 1).

De igual forma, o estigma sobre a identidade de xénero ou a nacionalidade, está reflexado na conciencia da sociedade, actuando como unha barreira social que limita a participación en ocupacións significativas, a través da discriminación ou desaprobación social por parte dos/as seus/súas compañeiros/as cara a súa identidade de xénero e nacionalidade, isto pode verse reflexado no seguinte exemplo: “[Se reían de ellas por su acento y la identidad sexual de Alana](#)” (noticia nº 22). Outro dos determinantes expostos no caso fai referencia aos problemas relativos á situación familiar, situándoo como un dos factores polos cales Iván/Alana estaba sendo atendido nos servizos de psicoloxía e como unha das posibles causas do suceso. Esta idea pode verse, por exemplo, neste fragmento recollido por El Periódico de Catalunya: “[Las alumnas recibían atención psicológica en el centro y seguimiento especial por parte de una orientadora por su situación familiar y social](#)” (noticia nº 13).

De igual maneira, móstrase atención á identidade cultural vinculada á súa nacionalidade arxentina e a identidade de xénero asociada á idea de transicionar de Iván/Alana, motivos polos cales sufrían desprezos e burlas por parte dos/as seus/súas compañeiros/as: “[Era un grupo numeroso el que las acosaba, instigado sobre todo por tres chavales, que las llamaban “las argentinas” y se reían de ellas por el acento](#)” (noticia nº 10), “[Muchos estudiantes del instituto aseguran que una de las gemelas había pedido identificarse como Iván, pero que algunos compañeros le llamaban Ivana para mofarse](#)” (noticia nº 35). Por outra parte, as posibles desigualdades económicas son mencionadas por algúns/as coñecidos/as da familia, e aínda que non se menciona explicitamente no texto, podemos deducir que repercuten no acceso a recursos e servizos como é a asistencia psicolóxica privada, observando que o servizo público non actúa con rapidez e efectividade, tal e como se pode ver neste exemplo: “[Las niñas recibían ayuda de psicólogos en el instituto, donde no se habían detectado problemas de 'bullying'](#)” (noticia nº 4).

Este mesmo exemplo, reflexa os sistemas e as políticas implicadas neste caso, onde están presentes a ineficaz actuación do sistema educativo, ao non aplicar os protocolos necesarios para abordar esta problemática, ao igual que por parte do sistema de saúde, que foi lento e pouco efectivo.

Á súa vez, estes determinantes están afectando á participación ocupacional de Iván/Alana e Leila, observando unha repercusión en áreas, como son: a educación, a participación social, a xestión da saúde e o ocio (tal e como recolle o Marco de Traballo da TO)⁽⁴¹⁾.

No respectivo á ocupación de educación o constante acoso recibido, así como a non aplicación de medidas efectivas estaba repercutindo directamente na participación da educación formal, mediante dificultades para a realización de actividades académicas, tal e como se pode ver reflexado ante a posible falta de motivación por realizar actividades escolares e rendemento académico baixo. Esta idea pode observarse, por exemplo, cando se fai mención de que Iván/Alana acudía a unha orientadora pedagóxica no seu propio centro educativo “*Las gemelas de 12 años también recibían atención psicológica en el centro y seguimiento especial por parte de una orientadora pedagógica por su situación familiar y social.*” (noticia nº 8) e tamén ante as frecuentes expulsíons da aula por defenderse dos acusadores que repercutían no ensino equitativo cos seus/súas compañeiros/as “*Alana a menudo daba clase en un aula aparte*” (noticia nº 30).

Ao mesmo tempo a participación social víase afectada, observándose relacións sociais na escola xeralmente problemáticas cos/as seus/súas compañeiros/as “*Las chicas tenían alguna otra amiga, pero en general se las consideraba conflictivas, y siempre que algo sucedía estaban ellas involucradas*” (noticia nº 10), sendo ao mesmo tempo illades cando se defendían ante o acoso recibido por parte destes últimos “*Me dicen que los alumnos estaban frecuentemente castigadas durante seis horas en la 'nevera' -un aula sin calefacción- por haberse defendido*” (noticia nº 46) e tendo como única rede de apoio o vínculo entre es dues xemelgues “*eran un solo corazón entre las dos*” (noticia nº 19).

Con respecto a xestión da saúde, pódese ver unha repercusión no mantemento da saúde social e emocional destes adolescentes, afectada sobre todo pola falta de medidas propostas polo centro educativo para solventar os posibles problemas de saúde mental existentes “*los responsables del departamento de Educació aseguraron que no había constancia de que las hermanas sufrieran*

acoso escolar y que por eso no se había activado ninguno de los protocolos previstos” (noticia nº 58).

Por último o ocio é unha ocupación pouco mencionada nas noticias, pero que tamén se ve repercutida a través das limitacións existentes para explorar intereses de ocio e participar nestas actividades. Por exemplo, o reducido círculo social des menores repercute na participación en actividades con outras persoas “A las gemelas las conocían en el pueblo por su relación estrecha. "Iban siempre juntas”. O illamento des xemelgues, así como o mencionado cambio de espazo para evitar conflitos, repercuten tamén na forma de participar en actividades de desfrute “en numerosas ocasiones los profesores del centro cambiaban a las dos hermanas de patio (del de primero y cuarto de la ESO al de tercero y segundo) para evitar problemas con otros alumnos” (noticia nº 10).

4.2.3. “Te has ganado el cielo pequeña, justicia.”

Nesta última categoría abordarase o enfoque da xustiza ocupacional ao longo deste caso, vinculada ás presentesinxustizas institucionais, estruturais de poder. Tamén se examinarán as posibles medidas de acción tomadas antes e despois do suceso.

Por unha parte, atópanse restricións na participación en actividades significativas para Iván/Alana e Leila, como pode ser a participación escolar ou social e a xestión da saúde, debido a factores que gardan relación cos seus contextos próximos como pode ser o institucional, ante a non elaboración e aplicación de medidas preventivas para abordar o acoso escolar: “tanto Educación como el Ayuntamiento de Sallent aseguran que no se había activado ningún protocolo por bullying en la escuela” (noticia nº 8) ou o sistema de saúde público, que non garante intervencións rápidas e efectivas ante os problemas de saúde mental que presentaba Iván/Alana “Una de ellas había sido derivada a los servicios de salud mental (CESMIJ)” (noticia nº 8).

Por outra parte, obsérvase a exclusión de exercer determinadas ocupacións, debido a factores “invisibles”, como poden ser os posibles prexuízos existentes neste caso ante a identidade cultural des xemelgues “Los insultos y mofas por su acento, eran argentinas, y su procedencia empezaron en el colegio y se

habían trasladado al instituto Llobregat al que asistían” (noticia nº 3) e a identidade de xénero de Iván/Alana “cuando algunos de sus acosadores supieron de la voluntad de transitar hasta Iván, y para enfadarla y humillarla la llamaban “marimacho” o “Ivana”” (noticia nº 53), así como os roles de xénero impostos pola sociedade “Constantes burlas por hablar en argentino y vestir “como un varón”” (noticia nº 34).

No relativo ás medidas de acción aplicadas, pódese observar unha inexistencia de medidas efectivas por parte do centro educativo, así como unha non activación dos protocolos necesarios para previr e abordar o acoso escolar no instituto “a Educació no le consta que el instituto hubiera activado el protocolo contra el acoso” (noticia nº 30).

Tras o suceso, o sistema educativo toma diversas medidas como é a activación da Unidade de Soporte ao Alumnado en situación de Violencia (USAV) “El departament d'Educació va descartar en un primer moment que es tractés d'un cas d'assetjament escolar, però davant l'evolució de la investigació aquest dijous ha activat la Unitat de Suport a l'Alumnat en situació de Violència (USAV)” (O Departamento de Educación descartou nun primeiro momento que se tratase dun caso de acoso escolar, pero despois da evolución da investigación estos días activouse a Unidade de Soporte ao Alumnado en Situación de Violencia (USAV)) (noticia nº 1), a aplicación de dinámicas de reflexión no centro educativo “Los profesores han priorizado las dinámicas de reflexión” (noticia nº 9) e o cese do director do instituto “La Conselleria d'Educació ha decidido cesar al director del Instituto Llobregat de Sallent” (noticia nº 59).

5. Discusión

O presente traballo de investigación tivo como obxectivo principal “Explorar as posibles inxustizas ocupacionais que xorden ante o acoso escolar, a través da análise de noticias de diferentes medios de comunicación, focalizándose no caso real de Iván/Alana e Leila, adolescentes de Sallent, que sufrieron acoso escolar”.

Así, a continuación procédese a discutir os principais resultados do traballo relacionándoos coa evidencia científica, co fin de obter unha comprensión más profunda sobre o significado e relevancia deste fenómeno.

Os achados deste estudo mostran o bullying como un fenómeno invisible, que impacta nas ocupacións de forma directa e que repercuten na saúde e benestar daquelas persoas que o presentan. Ilústrase tamén a forma na que os medios de comunicación recollen este tipo de noticias e a importancia que se lle dá como sociedade a este tipo de fenómenos que a pesar da súa gravidade seguen permanecendo invisibles, o que xera situacións de inxustiza social e ocupacional.

5.1. Contextualización das variables bibliométricas das noticias:

En relación aos periódicos analizados, pódese observar que todos eles se corresponden a prensa de gran difusión en España, o que implica un maior alcance nacional e rexional. Ademais, todos eles son xornais de información xeral, polo que aportan información relativa a múltiples campos da actualidade. Este alcance é de especial relevancia debido á diversidade de persoas ás que chega en multiplicidade de soportes, así como á súa capacidade para influír na opinión popular. Esta idea vai en concordancia cos datos do Informe *Contribución de la Prensa en España* do 2019, onde destaca o valor sociocultural que ten a prensa, sendo o compromiso social un dos puntos claves desta premisa que defende a importancia desta mesma no fomento da cultura e dos valores cívicos na sociedade, así como o papel que ten a prensa como un axente que promove a cohesión social, entre outras⁽⁴²⁾. En canto á procedencia dos periódicos, 4 deles son nacionais e 6 son rexionais. Dentro destes últimos encóntranse 3 relativos á rexión de Cataluña (comunidade autónoma onde ocorren os feitos). Estes datos reflexan a gran cantidade de perspectivas e intereses da sociedade. O maior número de noticias recae sobre os periódicos cataláns, o que deixa ver a importancia do contexto xeográfico no consumo da prensa, tal e como recolle Mitchneck B no seu artigo, onde se reafirma que a ubicación xeográfica inflúe na relevancia percibida das noticias, así como no vínculo emocional que as persoas senten cara estas. Neste artigo tamén se indica que existe unha gran importancia cara as noticias locais, onde as persoas

tenden a mostrar máis interese por aquelas noticias que tocan o seu entorno más próximo⁽⁴³⁾.

En canto á autoría das noticias, pódese destacar que a maior parte dos textos son elaboracións individuais por parte de periodistas independentes ou afiliados ao medio, mentres que 15 das mesmas son parte de editoriais, obras colaborativas que apoian a liña ideolóxica do medio de difusión en cuestión.

En relación á variable idiomática, pódese observar que na análise realizada existen 40 noticias en español e 19 en catalán, 15 das noticias pertencentes ao *Periódico de Catalunya* encóntranse en ambos idiomas e foron seleccionadas na súa versión en castelán para favorecer a comprensión da autora. Esta variabilidade idiomática atende ao contexto xeopolítico deste caso: situado nun municipio de Cataluña (Sallent), así como aos contextos culturais, sociais e políticos vinculados á identidade desta poboación. Tal e como recolle un dos artigos revisados sobre os medios de comunicación nas linguas minoritarias de Europa, a presenza destas linguas, como o catalán, nos medios de comunicación, ten especial relevancia para a preservación cultural e lingüística destas comunidades, así como o impacto que teñen na identidade cultural e no mantemento dunha cohesión comunitaria⁽⁴⁴⁾. Esa cohesión comunitaria que se promove a través da lingua, favorece a calidade das relacións sociais dentro da comunidade e pode desempeñar un papel importante ante o tratamento e prevención do bullying, favorecendo entornos sociais positivos onde todos e todas se sintan seguros/as.

No relativo á sección dos periódicos, destaca notablemente a sección de *sociedade*, con un total de 34 noticias, seguida da sección *sucesos* con 7. O que demostra que a clasificación das noticias nesta primeira sección se poida deber a factores onde se colle como criterio a vinculación cos contextos educativo, social e político-institucional. Mientras que na sección *sucesos* se lle da más relevancia á noticia como un acontecemento “catastrófico” ou “tráxico” (por exemplo un suicidio). Tamén cabe mencionar que tanto a estrutura como as seccións poden variar en función do periódico e o seu enfoque editorial. Por outro lado, a pesar de que ocupacións como a participación na educación se ven

repercuidas neste caso e o acoso escolar é un tema que toca directamente ao contexto educativo, só 3 das noticias se agrupan nesta sección. Nesta liña, tal e como recolle un artigo sobre a temática da sección de sucesos na prensa escrita, esta sección recolle maioritariamente aquelas noticias que se asocian con fenómenos percibidos como negativos, como é o caso dos homicidios ou os suicidios. Así mesmo, coméntase a actual tendencia da aparición de forma enmascarada deste tipo de noticias noutras seccións, como por exemplo en *sociedade*. Este artigo realiza unha posible interpretación sobre este feito baseándose na idea de que os responsables periodísticos consideran que a sección *sucesos* é unha temática de menor entidade que outras, polo que a enmascaran para intentar aportarlle seriedade e prestixio á prensa. Ademais ás veces este tipo de noticias vincúlase con factores xeográficos e non temáticos, por iso ás veces se menciona en seccións como *local* ou *España*⁽⁴⁵⁾. Polo tanto, relacionar estas noticias coa sección de sucesos pode facer referencia a unha forma de alonxarse dos problemas de fondo que trae consigo este fenómeno social e tratalos como un accidente ou unha traxedia (un suicidio), invisibilizando o bullying e restándolle importancia a este fenómeno. Incluír estas noticias na sección de *sociedade* sitúaas como un fenómeno que repercuten nas áreas que trata esta sección (*sociedade*, *educación*...).

En canto á secuencia temporal da afluencia das noticias, atendendo ao gráfico que figura nos resultados (figura 6) pódese afirmar que a gran concorrenza de noticias se dá na primeira semana, unha vez suceden os feitos. A partir de aí, e salvo un insignificante pico os días 3,4 e 15 de marzo, a relevancia da noticia foi praticamente nula. Esta situación pode ser debida ás normas que rexen á *sociedade* actual, caracterizada pola instantaneidade e a volatilidade das tendencias. Nesta liña, autores/as como Schulz, Fletcher e Kleis Nielsen, comentan a tendencia actual pola lectura de noticias en distintos soportes dixitais, salientando a recorrenza das redes sociais para obter a información das noticias de actualidade. Neste estudo tamén se realiza unha comparación entre 5 países, situando a España (con un 55%) como un dos que máis emprega as redes sociais como fonte de noticias⁽⁴⁶⁾. Esta tendencia, implica un cambio no consumo da información, con respecto aos medios tradicionais (como a prensa

en papel). Ademais, a falta de interese polos contidos que ofrecen os medios tradicionais é outro dos motivos polos cales na actualidade as persoas prefieren os soportes dixitais para o consumo da información. Ao mesmo tempo, o uso desproporcionado destes soportes, implica unha inmediatez no consumo das noticias, situando ás redes sociais como plataformas de moi fácil acceso para a información de actualidade⁽⁴⁷⁾. En relación ao acoso escolar, a inmediatez no consumo das noticias pode ter consecuencias negativas e positivas: por unha parte, pode aumentar a exposición e o impacto deste fenómeno, pero por outra parte, garante unha plataforma que fomenta a concienciación do acoso escolar e favorece a loita contra esta problemática.

Con respecto ao título das noticias analizadas e acorde ás estatísticas mencionadas nos resultados pódese observar que nun número considerable dos titulares dos periódicos (38%) aparece a palabra “Sallent”, isto atende ao contexto xeopolítico da noticia, a localidade na que acontecen os feitos. Por outra parte, a aparición constante da palabra “xemelgas/os” (32%) fai referencia ao impacto e comprensión emocional derivada do estreito vínculo de parentesco que atrae aos lectores e reflexa a profundidade e seriedade da noticia. Esta idea refórzase coa aparición de palabras como “suicidio”, que tan só aparece en 8 das noticias seleccionadas, existindo unha certa tendencia a emplegar aqueles eufemismos que serven para designar este feito, como “salto ao baleiro” ou similares. Isto, pode falar da incomodidade social á hora de usar estes termos, así como o impacto que teñen os mesmos, por iso se soen emplegar eufemismos co fin de diminuir a gravidade destes feitos e minimizar o seu impacto negativo. Esta forma de abordar o suicidio dende a prensa, garda relación co denominado “efecto Werther”, un termo empregado para facer referencia á posibilidade de que a exposición detallada por parte de medios de comunicación sobre un suicidio poida aumentar os casos do mesmo. Neste mesmo estudio, tamén se menciona a relevancia do “efecto Papageno”, o cal fai referencia a que a realización dunha abordaxe equilibrada e sensible deste tema poida chegar a actuar de forma preventiva ante este fenómeno. Polo tanto estas dúas perspectivas poñen en relevancia a necesidade de aplicar as

recomendacións establecidas pola OMS para abordar o tema do suicidio nas noticias e previr a imitación de futuros casos⁽⁴⁸⁾.

Esta é unha problemática que se pode ver reflexada en moitas noticias, en especial, a acontecida o pasado 20 de maio de 2023, que recorda á acontecida en Sallent, onde dúas irmás xemelgas de 12 anos, con procedencia rusa se quitaron a vida tirándose dende un 4º piso, unha noticia que segundo recollen algúns periodistas pudo ter un efecto “contaxio” tras a acontecida en Sallent⁽⁴⁹⁾.

Por outra banda, tampouco se observa unha mención directa sobre as ocupacións afectadas nos titulares das noticias seleccionadas, ao igual que o termo “bullying”, que aparece en menos da metade das noticias (18%), isto deixa ver a invisibilización deste fenómeno na sociedade e da súa repercusión nas ocupacións. Sen embargo, o acoso escolar nas noticias refléxase nun artigo realizado por Blanco e Cano (2019), onde se destaca o “boom informativo” cara a publicación de noticias relativas a este fenómeno e aos suicidios provocados polo mesmo. Entre as noticias analizadas atópase que nos últimos anos os medios lle deron mais relevancia a estes temas, ofrecendo maior visibilidade e dando voz as vítimas e as súas familias (tal e como se pode ver no caso de Sallent), aínda así, a maioría dos periódicos teñen maior interese naquelhas noticias de acoso escolar nas que se fai referencia a suicidios. Por outra parte, no artigo tamén se menciona unha certa preocupación pola publicación constante deste tipo de noticias, xa que, ao igual que se mencionaba antes, estas poden ter un efecto contaxio por parte doutros/as xóvenes en situación vulnerable⁽⁵⁰⁾.

Finalmente, pódese dicir que soamente 6 noticias van enfocadas dende o xénero masculino e o resto dende o feminino para referirse a Iván (Alana) o que reflexa novamente unha posible invisibilización e incomodidade social sobre o tema da identidade de xénero.

5.2. Acoso escolar: fenómeno invisible?

No relativo ao acoso escolar, existe unha certa discordancia en canto á perspectiva das partes implicadas, onde a perspectiva social (veciños/as e compañeiros/as de instituto) xunto coa familiar (avós, pais, tíos e primo) se

contrapón de maneira evidente á perspectiva do contexto institucional (departamento de educación, centro educativo e axuntamento). De tal forma que, mentres que no contexto social e familiar se defende e se exemplifican casos concretos que mostran o acoso escolar, no caso do contexto institucional (ao menos nun primeiro momento) se nega esta cuestión taxativamente. Isto, non se debe a un descoñecemento da cuestión, senón a un posible interese destas institucións por evitar unha reacción popular negativa, polo que, en canto se revela o contido das cartas escritas polos xemelgues, cederon ante a perspectiva familiar e social, argumentando que “todas as hipóteses eran posibles”. Polo tanto, aténdese ante unha invisibilización do acoso escolar xunto a unha inadecuada praxis institucional, ao non aplicar os protocolos correspondentes para previr e actuar contra este fenómeno, a non aplicación de forma eficaz destes mecanismos contra o acoso escolar inflúe na súa posterior perspectiva, onde ao ser conscientes da situación intentan enmascarala para evitar unha reacción social, política e legal.

Esta idea, concorda coa exposita por Amnistía Internacional, onde se reafirma e se denuncia que en España seguen existindo miles de casos de bullying que non saíron á luz, xa sexa debido a erros na recollida de datos, a ausencia da súa detención ou actuación por parte do profesorado ou as familias ou porque as medidas que existen para facerlle fronte, non están sendo efectivas⁽⁵¹⁾.

Ao mesmo tempo, os contextos familiar e social tamén se coordinan en contra do contexto institucional nunha manifestación realizada para pedir xustiza para Iván/Alana e Leila, pedindo recoñecemento da existencia do acoso escolar, que as propias institucións responsables negaban. A busca de xustiza ante a negativa deste fenómeno, recorda a outro caso similar, o caso de Kira, unha adolescente de 15 anos que se quitou a vida por motivos vinculados a un bullying que dende as institucións tamén se descartou como posible causa de suicidio⁽⁵²⁾.

A pesar de que estas institucións non recollen, nun primeiro momento, que houbera bullying, si afirman que Iván/Alana e Leila estaban sendo atendides por unha psicóloga e unha pedagoga por “problemas familiares e sociais”. Esta

sentencia atende tamén a unha forma de camuflar o acoso escolar e “cubrirse as costas” ante o incumprimento de protocolos correspondentes para a súa prevención. Ao igual que no caso de Kira e moitos outros, tamén se tratou de responsabilizar á familia por supostos problemas familiares, para quitar a responsabilidade ás institucións implicadas⁽⁵²⁾.

5.3. Os detonantes do caso de Sallent e a súa repercusión nas ocupacións

O acoso escolar que presentaban Iván/Alana e Leila estaba contribuído por unha serie de factores, como son os determinantes sociais da saúde. A súa vez, estes teñen un gran impacto na participación en ocupacións como a participación escolar, a participación social ou o ocio, xerando limitacións que afectan na saúde e benestar destes xemelgues.

Todos os determinantes sociais da saúde localizados neste caso (redes de apoio, discriminación ou estigma por motivos vinculados á nacionalidade e identidade de xénero, desigualdade económica, relacóns de poder e sistemas e políticas educativas e de saúde) actúan como factores que impactan nas ocupacións. Estes determinantes non actúan de forma illada, senón que interactúan entre si mesmos, e ao mesmo tempo interveñen tamén como factores de risco do suicidio. Por outra parte, os relativos á nacionalidade e identidade de xénero fan referencia a factores de risco ou causas do acoso escolar. Esta forte relación entre o acoso escolar e o risco de suicidio, recóllese nun artigo escrito por Bailliard et al. (2010). Neste estudio, os individuos que experimentaron bullying teñen máis risco de intentos de suicidio e suicidio completado que aquelas persoas que non foron acosadas. A presenza de trastornos mentais, a falta de apoio social e o acceso a recursos de saúde mental tamén actúan como factores de risco do suicidio, segundo o recollido neste artigo. Tamén se destaca a importancia de brindar intervencións temperás e apropiadas para previr este fenómeno⁽⁵³⁾.

O impacto na participación social, pode verse reflexado ante a ruptura de redes de apoio neste caso. A rede de apoio formada principalmente pola familia, e más especialmente polo vínculo entre ambes xemelgues víase rota cando es separaban en espazos diferentes (por exemplo, distintas aulas) ao defenderse

dos seus acusadores. Ao igual que no estudo mencionado antes, a importancia das redes de apoio nos casos de bullying remárcase como un factor importante por outros/as autores/as como Brunstein, Sourander e Gould nun artigo no que se afirma que existe unha asociación entre unha maior percepción de apoio social e a relación cunha menor probabilidade de ser vítima de bullying. Onde o papel das familias, amigos/as e profesores/as desempeña unha labor fundamental na protección e no apoio dos/as adolescentes⁽⁵⁴⁾. Ademais disto, e a pesar de que a familia actuaba como unha boa rede de apoio, o contexto institucional menciónaa como o contrario, xa que segundo este último, es xemelgues recibían atención psicolóxica por “problemas familiares”.

Tal e como menciona a Comisión sobre os Determinantes Sociais da Saúde, é fundamental para os individuos unha capacidade de adhesión e participación nos elementos políticos (tanto materiais como psico-sociais) para permanecer integrado na sociedade, esta é a base do benestar e a equidade sanitaria, que xunto a xustiza ocupacional depende de que os individuos con autonomía, contén con mecanismos políticos e sociais para manter e defender os seus intereses con valor e eficacia, de forma que se cheguen a plantear as bases da distribución inxusta dos recursos sociais⁽¹⁴⁾. Paralelamente, a presenza de trastornos mentais e o acceso a recursos para abordar os mesmos é outra das causas tamén presentes neste caso. Así, a desigualdade económica que presentaban estos nenes, xoga un papel relevante ao relacionarse co sistema de saúde. Iván/Alana acudía aos servizos de psicoloxía de forma limitada e estaba a espera dunha cita no servizo público de saúde. Isto pódese interpretar como que as dificultades económicas existentes impedían ou dificultaban o acceso a un servizo de saúde mental máis completo e acorde ás súas necesidades, ao igual que moitos/as otros/as adolescentes en España. Isto fala da escasa importancia que lle dan as institucións ao papel da saúde mental, que pese a que se está revitalizando a súa importancia nos últimos anos, encóntrase tradicionalmente desdeñado. Isto, ao mesmo tempo provoca unha limitación na promoción e o mantemento da saúde social e emocional enmarcada dentro da ocupación da xestión da saúde, que recolle o Marco de Traballo da Terapia Ocupacional⁽⁴¹⁾ e que a súa vez pode actuar como un factor de risco do suicidio.

Esta é unha problemática que a día de hoxe está presente en España, e que é moi denunciada polos medios de comunicación, tal e como se pode ver na noticia recollida pola periodista Beatriz Asuar, onde se toca unha realidade que demostra as consecuencias na saúde mental ante a falta de recursos axeitados no sistema público de saúde para a atención da mesma, relatando varios casos reais que expoñen esta realidade. Pon en relevo a brecha entre a sanidade pública e a privada, onde o acceso rápido e eficiente aos servizos de saúde mental a miúdo se convierte nun luxo para aquelas persoas que non poidan permitirse pagar estes servizos privados⁽⁵⁵⁾.

A discriminación e o estigma por motivos vinculados a nacionalidade des xemelgues e a identidade de xénero de Iván/Alana son outros dos determinantes sociais da saúde presentes no caso, que dan lugar a situacóns de xenofobia, racismo e transfobia, repercutindo na súa participación en ocupacóns significativas de forma directa, interferindo como unha barreira social en actividades como a educación, a participación social e outras vinculadas a roles de xénero concretos (como por exemplo o vestido). Esta idea vai en concordancia coa exposita nun estudio realizado por Hatzenbuehler Phelan e Link no 2013, onde se confirma como o estigma pode afectar a diversos grupos sociais, entre os cales encontramos ás persoas LGBTQ+ e ás persoas que pertencen a algunha minoría racial/étnica. Este artigo demostra que o estigma pode amplificar as desigualdades na saúde existentes, xa que estas persoas soen presenciar maiores niveis de estrés e menor acceso aos servizos de saúde⁽⁵⁶⁾.

O racismo e a xenofobia están reflexados no caso a través das constantes discriminacóns sufridas por ambos xemelgues por motivos vinculados á súa nacionalidade e acento arxentino e a non dominancia do catalán. Ao mesmo tempo isto impactaba en ocupacóns significativas como a participación escolar (ante as constantes burlas e relacións de conflito cos/as seus/súas compañeiros/as que favorecían a posible falta de motivación para acudir ao instituto, así como as posibles dificultades no rendemento académico), a participación social (sendo discriminades pola súa nacionalidade e acento e xerando relacións conflitivas cos/as seus/súas compañeiros/as) e o ocio (ante

presente discriminación e situacións conflitivas cos/as seus/súas compañeiros/as que favorecía a falta de oportunidades de realizar actividades de ocio no contexto escolar). No estudo realizado por Bennet et al (2012) reafírmase o impacto dos procesos migratorios nas ocupacións. A nacionalidade arxentina de ambes xemelgues e a adaptación cultural á que se vían sometides, impactou á súa vez nas súas ocupacións diárias, creando barreiras e desafíos como poden ser lingüísticos (neste caso a non dominancia do catalán e a discriminación polo seu acento), así como diferencias nas normas e expectativas culturais existentes⁽⁵⁷⁾.

Así mesmo, a transfobia está presente no caso a través da discriminación por parte dos/as compañeiros/as de clase ante a identidade de xénero de Iván/Alana, e á súa vez, esta repercuta na participación en ocupacións como a participación social (sendo discriminade pola súa identidade de xénero e xerando relacións conflitivas cos/as seus/súas compañeiros/as), o vestido (ao existir un sentimento de falta de identidade ante as mofas por ir vestida como un “varón”) ou o ocio (ante a falta de posibilidades de ocio pola presente discriminación e situacións conflitivas cos/as seus/súas compañeiros/as que limitaba as posibilidades de realizar actividades de ocio no contexto escolar). Nesta liña, Swenson, Alldred e Nicholls, exploran como se expresa a identidade de xénero en relación coas ocupacións e confírmase que seguen existindo desigualdades nas oportunidades ocupacionais experimentadas polas persoas transxénero⁽⁵⁸⁾.

5.4. O caso de Sallent dende a perspectiva da xustiza ocupacional

Como se pode ver ao longo do caso e nos apartados anteriores, existen multitud de factores que propician a violación de dereitos humanos e ocupacionais e fomentan a aparición de inxustizas ocupacionais presentes ao longo do caso. As limitacións na participación ocupacional, das que se falaba no apartado anterior, xeran, á súa vez, estas situacións de inxustiza ocupacional. A través do caso, pódense atopar diferentes tipos de inxustizas como son a privación ocupacional, a marxinación ocupacional ou a alienación ocupacional.

As situacións de acoso escolar, tal e como menciona Riveiro no seu traballo sobre a TO e o acoso escolar, traen consigo inxustizas ocupacionais como a

privación e a marxinación, onde existe unha exclusión de ocupacións significativas e unha negación da oportunidade de tomar decisións no relativo á participación en ocupacións, respectivamente⁽²⁷⁾. Neste caso, a privación ocupacional está presente ante a falta de políticas efectivas por parte do sistema educativo para abordar fenómenos como o acoso escolar e favorecer espazos inclusivos, onde se promova a igualdade e o respeito. Ao igual que as políticas dos sistemas de saúde españoles que disponen dun sistema lento e pouco efectivo para abordar os problemas de saúde mental, tal e como se mencionaba antes. Garantir un bo acceso a estes servizos é parte da xustiza ocupacional, para permitir unha boa participación en ocupacións como a educación, a participación social ou a xestión da saúde.

Por outra banda, a marxinación está presente ante a constante discriminación vivida por Iván/Alana e Leila ante as burlas recibidas pola súa nacionalidade ou pola identidade de xénero de Iván/Alana. Esta discriminación exclúe a realización de actividades (como as mencionadas anteriormente: educación, participación social, ocio...) a través da presenza de factores “invisibles”, como son o estigma, os prexuízos e os roles de xénero impostos na sociedade actual, que propician á súa vez situacións de transfobia, xenofobia e racismo que se atopan presentes ao longo deste caso.

Nesta liña, Sterman e Njelesani, fan referencia á importancia de adoptar un enfoque antirracista na práctica da TO, destacando a necesidade de recoñecer e abordar o racismo e de promover a inclusión e a equidade a través da mesma. Tamén se enfatiza a necesidade dun cambio nos sistemas e políticas, así como unha maior concienciación sobre as iniquidades raciais para promover a xustiza ocupacional⁽⁵⁹⁾.

No relativo á identidade de xénero, nun estudio realizado por, Alonso-Ferreira, Farias e Rivas-Quarneti, abórdase a necesidade de recoñecer a liberdade de todas as persoas para formar a súa propia identidade persoal e expresala a través das ocupacións significativas. Facendo un chamamento á creación de espazos, dende a TO, onde as persoas poidan elaborar múltiples formas de expresar a súa identidade a través da ocupación⁽⁶⁰⁾.

Esta idea vai en relación á alienación ocupacional presente neste caso. Onde existe unha experiencia prologada de desconexión, illamento e falta de sentido de identidade pola participación restrinxida en ocupacións sen sentido como poden ser aquelas vinculadas a determinados roles de xénero establecidos pola sociedade e realizadas por Iván/Alana (por exemplo o vestido)⁽³⁵⁾.

Estas ideas concordan co recollido polas autoras Njelesani, Faulkner, Schweitzer e Jeon, nun artigo onde se reafirma que o acoso escolar impacta de forma negativa na participación ocupacional dos/as estudiantes dificultando a súa capacidade de aprendizaxe, socialización e disfrute de ocupacións significativas. Segundo este estudio, a promoción da xustiza ocupacional pode ser un enfoque efectivo que garanta a prevención deste fenómeno, favorecendo a igualdade e o acceso de oportunidades para todos e todas os/as estudiantes. Isto implica abordar as barreiras e desigualdades existentes, como a discriminación por motivos de raza/nacionalidade, identidade de xénero e as diferenzas de poder⁽⁶¹⁾.

As relacións de poder, presente ao longo de todo o caso, son outro dos determinantes sociais da saúde implicados. Pódese observar como os sistemas políticos e xudiciais non só se desentenden das necesidades indispensables para a emancipación político-social e o benestar, senón que, non aplican os mecanismos existentes no sistema educativo ideados para impedir a limitación dos dereitos sociais e ocupacionais⁽¹⁴⁾. No caso de Sallent, o sistema educativo e as políticas implicadas, non actuaron de forma correcta, non aplicando os protocolos existentes ante o acoso escolar, actuando, á súa vez, como un determinante clave ante este fenómeno. O protocolo de actuación fronte ao bullying do departamento de educación da Generalitat destaca a necesidade de responder de forma rápida e efectiva ante estes casos, e fai énfase na importancia de que a comunidade educativa estea implicada na súa implementación⁽⁶²⁾. Como é evidente, estas medidas preventivas recollidas de forma oficial, non foron aplicadas polo centro educativo, tal e como se recolle no protocolo.

As desigualdades nas relacións de poder do presente caso tamén se recollen a través das tensións e discrepancias entre os contextos implicados, tal e como se pode ver de forma clara ante as dúas perspectivas expostas nas noticias por parte do contexto institucional e social, onde se observan ideas opostas entre a perspectiva do alcalde cando menciona que “[Sallent foi un pobo de acollida dende sempre e que nunca rexeitou a ninguén](#)”, así como que “[o idioma non era un problema](#)” (noticia nº 38) e a de unha das veciñas que afirma que “[neste pobo se es novo ou estranxeiro non te aceptan](#)” (noticia nº 10), ao igual que outras persoas do contexto social que confirman que Iván/Alana e Leila sufrían acoso escolar por motivos relativos á súa nacionalidade e a non dominancia do catalán.

Os dereitos sociais e ocupacionais de Iván/Alana e Leila víanse repercutidos de forma evidente sendo discriminades e non tratades como ciudadanes participatives tal e como se recolle no documento da European Network of Occupational Therapy in Higher Education (ENOTHE) sobre a cidadanía participativa. Neste texto explórarse o papel da TO na promoción da participación activa na sociedade, un concepto que se centra na capacidade das persoas para participar na vida comunitaria e exercer os seus dereitos e responsabilidades. Uns dereitos, que neste caso estaban sendo vulnerados. Neste documento tamén se resalta a importancia dun enfoque dende a TO baseado nos dereitos humanos, que recoñeza a dignidade e a igualdade de todas as persoas, sen ningún tipo de discriminación, promovendo a mellora da calidade de vida de todos e todas⁽⁶³⁾.

Por iso, dende a TO, é importante realizar intervencións que aborden este fenómeno social, onde se inclúa a promoción da conciencia sobre o acoso escolar e as desigualdades socias como as relativas a identidade de xénero ou a identidade sociocultural, entre outras; implementar políticas e prácticas inclusivas que garantan o acceso equitativo e a igualdade de oportunidades no ámbito educativo e sanitario e establecer entornos seguros, como os institutos, que fomenten a empatía e a resolución de conflitos, para lograr unha sociedade más xusta entre todos e todas⁽⁶¹⁾.

5.5. Fortalezas e limitacións do estudo

Por unha parte, en canto as limitacións desta investigación atópase a non dominancia do idioma catalán ante a súa presenza na maioría das noticias nesta lingua. O emprego dunha única base de datos para recompilar as noticias, así como non analizar as noticias existentes a través das redes sociais é outra das limitacións deste estudio, podendo excluír información relevante.

